

Queridas familias amigas e amigos:

O verán está á volta da esquina, e en Nenea xa nos estamos a preparar co

Campamento de verán: “O BOSQUE DOS CONTOS”

Nas semanas:

- 26 ao 30 xuño
- 3 ao 7 de xullo
- 10 ao 14 de xullo
- 17 ao 21 de xullo
- 24 ao 28 de xullo

Para nenos e nenas de 3 a 7 anos.

Neste campamento o noso bosque será o protagonista de contos, historias, lendas, fábulas e moito máis.

Imaxinaremos, inventaremos, crearemos e seremos os debuxantes de contos soñados entre as polas dos carballos de Nenea. Os carballos saben moitas historias, e queren compartilas connosco, historias de xentes que pasaron por alí, de personaxes máxicos, e de seres moi importantes para a nosa vida.

Faremos obradoiros para crear libriños de historias infinitas, elaborar títeres e bonecos contacontos, e pintar pedras que nos axuden a contar todo aquilo que imaxinemos.

Todo isto nun grupo moi reducido, unha familia grande, para poder atender ás necesidades individuais e grupais que surxen no día a día.

Agora, que xa tedes ganas de saber máis, contámosvos un pouquiño como se van desenvolver os días no campamento en Nenea.

O día a día no Campamento:

- 🌿 9:00h. Chegada escalonada, xogo libre, horta, arte.
- 🌿 10:00h. Xogos de presentación, mindfulness e plan do día.
- 🌿 11:00h. Almorzo no bosque

- 🌿 11:20h. Obradoiro sensorial no bosque e xogos na natureza.
- 🌿 13:00h. Despedida dos/as nenos/as de media xornada.
- 🌿 13:30h. Comida
- 🌿 14:00h. Xogo libre.
- 🌿 14:30h. Obradoiros temáticos

- Prelibris.- Elaboración de libriños de diversos formatos que servirán para conter os contos e as lendas que vaiamos escribindo.
- Herbario
- Pintura natural
- Danzas do mundo
- Máscaras e disfraces
- Elaboración de títeres, marionetas e bonecos contacontos
- Pintura de pedras

Estes obradoiros son flexibles e dependen tamén do que vaia acontecendo no día a día, da meteoroloxía, dos intereses das nenas e dos nenos.

- 🌿 Ás 16:00h. Despedida.

ACTIVIDADES SEMANAIS:

Os coidados compartidos (actividades de cuidado grupal): poñer a mesa, barrer, preparado de cepillado de dentes, etc.)

Duna: a nosa cadela educadora

Picnic no bosque de Chelo.

Exploracións

Que tedes que facer para anotar ás vosas fillas e ós vosos fillos no campamento?

Escribide a info@nenea.es adxuntando a ficha de inscrición cuberta, cando a recibamos escribiremosvos con toda a información.

Cales son os prezos para as familias asociadas?

- 🌿 Unha semana con media xornada (9:00-13:00h.) 100 euros
- 🌿 Unha semana con xornada completa (9:00-16:00h.) 150 euros

- 🌿 Campamento completo (3 semanas ou máis):
 - Media xornada 300
 - Xornada completa 400

Que ocorre coas familias que non sodes socias?

As familias socias teñen un desconto do **50%** na actividade, así que si botades contas veredes que é moi interesante asociarse.

Facerse familia socia ten un coste de 60 euros anual, podendo dividir o pago, e supón un desconto do 50% en tódalas actividades da asociación (Xornadas en familia, Formación, Obradoiros...) así como prioridade de praza na participación nas mesmas, así como no día a día de Nenea.

Ademais si vos anotades máis dunha semana ao campamento ou si anotades dous irmáns a unha semana, tedes a cota anual incluída no prezo!

Dicir que o grupo vai ser moi reducido, e xa temos algunhas solicitudes, así que si tedes calquera dúbida escribídenos por aquí ou ben chamádenos ó teléfono 615 39 29 29 (Bibi) en horario de tarde.

Coma sempre, agradecemosvos a difusión.

Apertas fortes, e vémonos nos bosques.

Bibi e Sofía